



BOP

MÉRCORES 18 DE OUTUBRO DE 2017

N.º 239

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO

Anuncio

O Concello de Antas de Ulla solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.57363

As obras solicitadas consisten na creación dun camiño peonil no entorno das marxes do rego do Santo, no tramo comprendido entre as estradas CP-1809 e N-640, no t.m. de Antas de Ulla, concretamente entre o punto de coordenadas ETRS89 huso 29 X:592.158 Y:4.737.730 e o punto X:591.417 Y:4.736.425, afectando ás seguintes parcelas do polígono 29 do catastro de Antas de Ulla: 379, 380, 367, 366, 365, 364, 363, 292, 101, 107, 112, 11, 116, 117, 387, 404, 119, 120, 199, 188, 442, 186, 443, 185, 184, 179, 187, 180, 183, 456, 457, 182, 455, 145, 139, 144, 427, 420 e 142.

Os traballos consistirán na preparación para camiño dun tramo de 1.259 metros mediante roza, limpeza de escombros, limpeza de foxos, aporte de recibos, con nivelación e compactación do mesmo. Ademais instalaranse 800m de pavimento de pedra rústica de 1m de ancho.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Antas de Ulla ou nas oficinas deste servizo, situadas na Rúa Tomiño, 16 baixo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Santiago de Compostela, 02 de maio de 2017.- O xefe do servizo territorial, Ángel Gómez Rey

R. 2971

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 2 de outubro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro (Expediente IN407A 2017/46-2, 8518- AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: B.E.G.A.S.A.
- Domicilio social: P.E. As Gándaras, Rúa Ramón Mª Aller Ulloa nº9
- Denominación: Soterramento da L.M.T. Viveiro 3 entre C.T. 5428 Albergue e C.T. 786 Area Elevador.
- Situación: concello de Viveiro
- Características técnicas:

1. Liña de Media Tensión soterrada a 20 kV baixo tubo, cunha lonxitude de 530 m, con orixe no 5428 Albergue, conductor tipo RHZ1 240 e final no C.T. 786 Area Elevador.

2. Para dar continuidade á LMT que provén do C.T. O Millón levarase a cabo un empalme nas proximidades no C.T. Albergue, na arqueta denominada no plano 4 do proxecto como punto 1, dende a cal se proxecta conductor tipo RHZ1 240 ata a cela de liña existente no C.T. Albergue, cunha lonxitude de 100m.

3. Desmontaxe da LMT aérea existente, integrada por 1.400m de conductor LA-56, 2 apoios de formigón e 2 apoios metálicos.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 2 de outubro de 2017.- A Xefa Territorial de Lugo, Pilar Fernández López

R. 2972

Anuncio

Resolución do 2 de outubro de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria en Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Viveiro (Expediente IN407A 2017/49-2, 8521- AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, (BOE nº. 310) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: B.E.G.A.S.A.
- Domicilio social: P.E. As Gándaras, Rúa Ramón Mª Aller Ulloa nº9
- Denominación: Soterramento da L.M.T. Aluminio entre C.T. 786 Area Elevador e C.T. 10418 Area Abaixo.
- Situación: concello de Viveiro
- Características técnicas:

1. Liña de Media Tensión soterrada a 20 kV baixo tubo, cunha lonxitude de 665 m, con orixe no apoio AP-100 da L.M.T. Aluminio-Derivación a C.T. 786 Area Elevador, conductor tipo RHZ1 240 e final no C.T. 786 C.T. Area Elevador e no C.T. Area Abaixo.

2. Desmontaxe da L.M.T. aérea existente, integrada por 1560 m de conductor tipo LA-56, 2 apoios de formigón e 2 apoios metálicos.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 2 de outubro de 2017.- A Xefa Territorial de Lugo, Pilar Fernández López

R. 2973

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

GABINETE DE FORMACIÓN

Anuncio

CONVOCATORIA DUNS CURSOS DO PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ANO 2017

Por Resolución da Presidencia de 13 de setembro de 2017 foron aprobadas as accións formativas de Formación Continua da Deputación de Lugo para o ano 2017 polo que se convocan para a súa realización as seguintes accións formativas:

- A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA LOCAL ANTE AS LEIS DE PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO, RÉXIME XURÍDICO E TRANSPARENCIA. MODALIDADE “ON LINE”
- MANTEMENTO DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. MODALIDADE PRESENCIAL

Dacordo coas determinacións establecidas na Resolución de data 13 de setembro de 2017.

Ordena-la publicación da súa convocatoria, bases e anexos no BOP.

As características e contidos específicos deste curso detállase no anexo I e desenvolverase de acordo coas seguintes:

BASES XERAIS

Primeira.- Solicitudes:

1.- O persoal que desexe participar neste curso presentará cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos son de obrigada cumprimentación. No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.

2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3.- O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte da publicación da convocatoria dos cursos no BOP. O devandito prazo rematará o **30 de outubro de 2017 ás 13:00 h.** Todas aquelas solicitudes presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4.- A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Gabinete de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.
- **Fax:** 982 260 169
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **E demais lugares** de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992, 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Primeira.- Solicitudes:

1.- O persoal que desexe participar nestes cursos presentará cuberta, en tódolos epígrafes que corresponda, a instancia segundo o modelo oficial publicado no BOP. Todos os campos son de obrigada cumprimentación. No caso dos cursos que teñan lugar dentro do horario laboral é obrigatoria a sinatura do superior xerárquico, alcalde ou presidente así como o selo da entidade.

2.- A falsidade ou ocultación dos datos esenciais para a selección dos aspirantes dará lugar á exclusión automática do curso solicitado.

3.- O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte da publicación da convocatoria dos cursos no BOP. O devandito prazo rematará o **3 de novembro de 2016 ás 13:00 h.** Todas aquelas solicitudes presentadas fora de prazo serán excluídas. Naquelas accións formativas que, unha vez finalizado o prazo, non se cubriran as prazas ofertadas, manterase aberto ata completarse estas, quedando pechado o devandito prazo cinco días hábiles antes do comezo do curso.

4.- A dita documentación dirixirase ó Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, Gabinete de Formación, por:

- **Presentación directa:** No Rexistro Xeral da Deputación de Lugo.
- **Correo postal:** Rúa San Marcos, 8 - 27001 Lugo.
- **Fax:** 982 260 169
- **Correo electrónico:** formacion@deputacionlugo.org
- **E demais lugares** de conformidade co artigo 38.4º da Lei 30/1992, 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Segunda.- Acceso e participación nas accións formativas:

1.- Poderá participa-lo persoal que cumpra os requisitos específicos esixidos no anexo I.

2.- Reservarase un 5% do número de prazas para traballadores con discapacidade, en cumprimento co disposto no artigo 11 do Real Decreto 2271/2004, de 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade. Incorporase como criterio de valoración na participación nos cursos de formación de empregados públicos o estar afectado por unha

discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%. A selección efectuarase por separado da quenda xeral, incorporándose a ésta todas as vacantes que queden sen solicitantes.

3.- O Gabinete de Formación poñerase en contacto cos peticionarios, asemade poderán obter confirmación da súa posible admisión chamando ós teléfonos 982 260 065.

4.- A non comparecencia ou abandono dun participante admitido a unha acción formativa terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido ás distintas accións formativas convocadas pola Deputación Provincial de Lugo.

Terceira.- Certificacións:

Expedirase certificado de asistencia ou certificado de asistencia e aproveitamento ós alumnos/as que asistan ó curso. É obrigatoria a asistencia a todas as sesións dos cursos presenciais. Unha inasistencia superior ó 15% no cómputo total das horas programadas, imposibilitará a expedición da certificación acreditativa. No caso dos cursos "ON LINE", é obrigatoria a asistencia á sesión presencial, daqueles que así o requiran. Se o alumno non se presentase á sesión presencial será excluído deste.

a) **Certificación de asistencia, ou**

b) **Certificación de asistencia con aproveitamento:** trala superación das probas pertinentes, as cales, terán carácter voluntario:

En calquera dos supostos só se expedirá unha única Certificación.

Cuarta.- Modificacións:

A Deputación Provincial de Lugo, poderá modifica-lo desenvolvemento e mailos contidos dos cursos co obxecto de adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

Lugo, 16 de outubro de 2017.- O Presidente: Darío Campos Conde. O Secretario: P. S. O Secretario-Interventor: Manuel Castiñeira Castiñeira.

ANEXO I

CARACTERÍSTICAS E CONTIDOS ESPECÍFICOS

Código A. F.: 01.10.01.17

Denominación: FERRAMENTAS WEB 2.0. REDES SOCIAIS E PROFESIONAIS. NIVEL AVANZADO.

Destinatarios: Empregados públicos da Administración Local da provincia de Lugo que participe na elaboración dun expediente administrativo, responsables de expedientes e auxiliares administrativos, que queiran ampliar os seus coñecementos na materia e indagar sobre as consecuencias prácticas da Administración electrónica. Con coñecementos básicos de manexo de ordenadores e de navegación por internet.

Participantes: 50

Horas: 35

Datas celebración: Do 13 ao 30 de novembro de 2017

OBXECTIVOS:

- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as relacións electrónicas entre a Administración e os administrados.
- Coñecer e comprender o novo marco normativo que regula as interrelacións e o intercambio de información entre Administracións.
- Coñecer e comprender os principais conceptos, dereitos e obrigas derivados da Administración Electrónica.
- Coñecer as diferentes alternativas e solucións tecnolóxicas que se poñen a disposición das entidades locais. Aprender a manexalas.
- Coñecer e entender a publicidade e transparencia, así como o control de acceso a información que se require no novo ámbito normativo.

PROGRAMA:

- 1 RESUMO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA ANTES DAS LEIS DO 2015.
 - 2 A ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA NAS LEIS 39/2015 E 40/2015.
 - 3 A RELACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E O CIDADÁN.
- Principais dereitos e obrigas dos cidadáns. Obrigas da administración.

- A sede electrónica.
- 4 AS RELACIÓNS ELECTRÓNICAS ENTRE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS. INTEROPERABILIDADE
 - Esquema nacional de interoperabilidade.
 - Plataforma pid-svd da AXE.
 - Plataforma pasaxe da Xunta de Galicia
- 5 IDENTIFICACIÓN E AUTENTICACIÓN. SINATURA DIXITAL E CERTIFICADOS ELECTRÓNICOS.
 - Sistema cl@ve da AXE e sistema chave da Xunta de Galicia.
 - Tipos de certificados.
 - Entidades de certificación.
 - Sistemas criptográficos.
 - Ferramentas de firma electrónica: realización, visualización e validación de firma.
 - A Deputación de Lugo coma punto de verificación e oficina de rexistro de certificados
- 6 O EXPEDIENTE ELECTRÓNICO E A SÚA TRAMITACIÓN
 - Expediente electrónico. Tramitación electrónica e ferramentas de tramitación
 - Rexistro electrónico.
 - Sistema de integración de rexistros (SIR).
 - Arquivo electrónico.
- 7 NOTIFICACIÓNS ELECTRÓNICAS.
 - Notificación por comparecencia.
 - Notific@ da AXE.
 - Notific@ da Xunta de Galicia.
 - Rexistro de apoderamentos. Rexistro de funcionarios habilitados.
- 8 OUTRAS OBRIGAS E SERVIZOS ELECTRÓNICOS.
 - Protección de datos obrigas de transparencia: publicidade activa e acceso á información.
 - Factura electrónica. Face e facturae.
 - Licitación electrónica
- 9 RESUMO DE FERRAMENTAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.
 - Portal administración electrónica. Centro de transferencia tecnolóxica.
 - Ferramentas da axe. Portal entidades locais.
 - Ferramentas da xunta. Portal eido local.
 - Ferramentas da deputacion de Lugo

Código A. F.: 01.11.01.17

Denominación: MANTEMENTO DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. MODALIDADE PRESENCIAL

Destinatarios: Persoal de obras e mantemento da Deputación e Concellos da Provincia de Lugo

Participantes: 20

Horas: 20

Datas celebración: 13, 14, 15, 16 e 20 de novembro de 2017

Horario: Das 16:30 h. ás 20:30 h.

Lugar celebración: Aulas do Servizo de Mantemento da Deputación Lugo (Edificio da UNED)

OBXECTIVOS:

Adquirir os coñecementos oportunos para desenvolverse de maneira experta no ámbito do mantemento de edificios e instalacións, que garantan poder ofrecer boas prestacións nos servizos que se demanden.

PROGRAMA:

- Fundamentos do mantemento de edificios.
- Fundamentos do mantemento de instalacións eléctricas.
- Fundamentos de instalacións térmicas: calefacción e aire acondicionado.
- Fundamentos de instalacións de fontanería.
- Mantemento e medición de aparataje eléctrico-electrónico.
- Mantemento de máquinas e equipos de instalacións frigoríficas
- Iluminación LED.
- Cerramentos. Fundamentos construtivos e posta en obra: ladrillo e paneis de yeso.
- Ferramentas comúns utilizadas nos labores de mantemento.
- EPI. Normativa básica e a súa utilización



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación

ANEXO II
SOLICITUDE INSCRIPCIÓN NAS ACCIÓNS FORMATIVAS

1. Título acción formativa	Código A. F.

2. Datos pessoais				
Nome:	Primeiro Apelido	Segundo Apelido	N.I.F.	

3. Datos profesionais								
Posto traballo:	Grupo/Subgrupo	A1	A2	B	C1	C2	AP	Entidade onde traballa
		☐	☐	☐	☐	☐	☐	
Dependencia	Enderezo do posto de traballo			Localidade			Provincia	
Minusvalía física	Si	Non	Teléf. Traballo	Fax traballo	Correo electrónico			Teléf. móbil / particular
☐	☐							

Clase de persoal	Funcionario	Funcionario Interino	Persoal Eventual	Laboral Fixo	Laboral Temporal
	☐	☐	☐	☐	☐
Funcións que desempeña:					

4. A ter en conta
Segundo recollen as bases de convocatoria o prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación no BOP ata a data e hora que aparece nas bases xerais da convocatoria. No caso de non cubrirse as prazas, manterase aberto ata completarse. O solicitante deberá cumprimentar todos os campos da solicitude. Aquelas accións formativas que se celebren dentro do horario laboral do solicitante, é obrigatoria a autorización do superior xerárquico. A non comparecencia ou abandono dun participante admitido terá como consecuencia que, durante un ano, non será admitido nas distintas accións formativas.

5. Declaración
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporoto á solicitude que abaixo asino.

6. Informe Entidade Local
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que aporoto á solicitude que abaixo asino.
☐ Favorable ☐ Desfavorable Sinatura e selo (Alcalde, Presidente, Xefe de Servizo...)

SOLICITO realiza-la acción formativa ou actividade de referencia

_____, _____ de _____ de _____
Sinatura

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Gabinete de Formación. Rúa San Marcos, 8. 27001 Lugo. Telf: 982 260 065 / 982 260 035. Fax 982 260 169. e-mail: formacion@deputacionlugo.org

De conformidade coa L.O. 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal que se solicitan no presente formulario pasarán a formar parte dun ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a Deputación de Lugo, e serán tratados co fin de levar a cabo tódalas xestións relacionadas coa atención a súa solicitude. Así mesmo vostede autoriza a cesión dos seus datos a aquelas empresas ou entidades que colaboren na organización e xestión das accións formativas solicitadas Vostede consente o tratamento destes datos podendo exercer os seus dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición dirixíndose ó enderezo arriba indicado

R. 3049

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

Por acordo do Pleno Municipal do concello de Burela de data 28 de setembro de 2017, aprobouse provisionalmente a alteración da cualificación xurídica dos vehículos adscritos aos servizo público de recollida de residuos sólidos e limpeza viaria, con cualificación xurídica de ben de servizo público, ou o que é o mesmo, ben demanial, cambiando a súa cualificación de ben de dominio público a ben de carácter patrimonial.

De conformidade co artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar dende o día seguinte o de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello de Burela.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se consideren oportunas.

En Burela a 02 de outubro de 2017.- O Alcalde, Alfredo Llano García

R. 2975

Anuncio

Por acordo do Pleno Municipal do concello de Burela de data 29 de setembro de 2017, aprobouse a modificación do rúeiro municipal na Praza da Mariña asignado aos distintos portais do mesmo inmoible os números 4A e 4B, expediente que se somete a exposición pública por prazo de vinte días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e na sede electrónica deste Concello dirección <https://burela.sedelectronica.es> e no Taboleiro de anuncios a fin de que os veciños poidan examinar o expediente e formular as alegacións que estimen convenientes

En Burela a 02 de outubro de 2017.- O Alcalde, Alfredo Llano García

R. 2976

COSPEITO

Anuncio

Anuncio polo que se convoca a licitación da subministración dun vehículo tractor e dous apeiros consistentes en dúas desbrozadoras, unha de arrastre e outra de brazo novos para o Concello de Cospeito, mediante procedemento aberto, oferta mais vantaxosa, con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación urxente. Subvencionado segundo convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Cospeito para incentivar e fomentar o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa.

1.-Entidade adxudicadora.

Datos xerais e datos para a obtención de documentación.

- a) Organismo: Concello de Cospeito.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
- c) Obtención de documentación e información:
 - 1) Entidade: Concello de Cospeito
 - 2) Enderezo: Avda. Terra Chá, 29
 - 3) Localidade e código postal: Feira do Monte, 27377
 - 4) Teléfono: 982520001

5) Fax: 982520102

6) Enderezo correo electrónico: concellodecospeito@concellodecospeito.es

7) Enderezo de Internet do perfil do contratante: www.contratosdegalicia.es

8) Data límite de obtención de documentación e información: durante o prazo de presentación de proposicións.

2.-Obxecto do contrato.

a) Tipo: subministración.

Denominación	N.º expediente CPV	Orzamento sen IVE (valor estimado)	IVE	Orzamento con IVE
Subministración dun vehículo tractor e dous apeiros consistentes en dúas desbrozadoras, unha de arrastre e outra de brazo, novos	1363/2017 16700000-2 16800000-3	90.000 €	18.900 €	108.900 €

b) Lugar de entrega: Concello de Cospeito, Avda. Terra Chá, 29 27377 Cospeito (Lugo)

c) Prazo de entrega: 20 días, a contar desde o seguinte ao de formalización do contrato en documento administrativo. En todo caso o contratista debe comprometerse a efectuar a entrega con data límite do 04/12/2017 de forma que poida xustificarse a actuación antes do 10/12/2017, tendo en conta a cláusula sexta do convenio que di que o Concello de Cospeito estará obrigado a xustificar ante a Consellería do Medio Rural, antes do 10 de decembro de 2017, o cumprimento da finalidade do convenio e o seu custo real. Se durante a tramitación do procedemento de adxudicación a Administración enténdese a imposibilidade de xustificar en prazo a actuación poderá resolver o proceso de adxudicación logo do aviso ás empresas participantes.

3.-Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: URXENTE.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa, con multiplicidade de criterios de valoración.

d) Criterios de adxudicación.-Conforme ao anexo III do prego:

a. Oferta económica.-Puntuación: ata 20 puntos.

b. Redución de prazo.-Puntuación: ata 40 puntos.

c. Aumento da garantía.-Puntuación: ata 40 puntos.

4.-Garantía esixidas.

Provisional: non se esixe.

Definitiva: 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

5.-Requisitos específicos do contratista.

a) clasificación: non se esixe.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: cláusula 10.1.b.) G.

6.-Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: as proposicións presentaranse en horario do Rexistro Xeral (de luns a venres, de 9.00 ás 14.00 horas) dentro do prazo dos 8 días naturais contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP

b) Modalidade de presentación: A documentación presentarase en dous sobres pechados (cláusulas 9 e 10):

– Sobre A, subtítulo “Documentación”: conterá a documentación esixida na cláusula 10.1a) do prego.

– Sobre B, subtítulo “Oferta económica e documentación sobre criterios avaliábeis automaticamente”: conterá a proposición formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo IV do prego.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Cospeito e oficinas de Correos.

2. Domicilio: Avda. Terra Chá, 29

3. Localidade e código postal: Feira do Monte, 27377 Cospeito

7.-Apertura dos sobres A e B.

a) Enderezo: Concello de Cospeito, Avda. Terra Chá, 29

b) Localidade e código postal: Feira do Monte, Cospeito, 27377.

c) Data e hora: publicaranse no perfil do contratante.

8. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario.

9. Obtención de copia dos pregos: perfil do contratante (www.contratosdeg Galicia.es).

Cospeito, 13 de outubro de 2017.- O Alcalde, D. Armando Castosa Alvaríño

R. 3043

FRIOL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, de data nove de outubro do corrente, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2017:

-Padrón da taxa polo abastecemento de auga e I.V.E sobre o seu consumo (incluído o canon da auga).

-Padrón da taxa pola recollida do lixo.

-Padrón da taxa polo tratamento e eliminación de residuos.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente, ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas e canon, indicados previamente, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no vixente Regulamento Xeral de Recadación e, no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, o comprendido entre o quince de novembro de dous mil dezasete e o quince de xaneiro de dous mil dezaioito, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránlles cargados nas contas bancarias respectivas, o día 10 de decembro de dous mil dezasete, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás Oficinas Municipais, donde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar dito pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No caso do canon da auga, según dispón o artigo 49.7 do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de dito canon, cando polos contribuíntes afectados non se fixera efectivo o canon da auga no período voluntario sinalado, esixírase directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión

do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Friol, 9 de outubro de 2017.- **O ALCALDE**, José Angel Santos Sánchez

R. 3000

Anuncio

ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN DE CONTRATO

Por acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 25 de setembro de 2017, acordouse a adxudicación das obras de “Mellora das vías: Carballo á Laxe, Acceso á Igrexa de Silvela, Acceso a Currás e vías en núcleo rural de A Laxe”. O que se fai público aos efectos previstos no art. 154 do R.D Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público.

1.- Entidade Adxudicataria : Construcciones Carballeira S.L.

2.- Obxecto do contrato: Pavimentación de accesos.

3.- Procedemento negociado sen publicidade polo precio de 74.297,52 € e 15.602,48 € de IVE o que fai un total de 89.000,00 €. Ademais realizará as seguintes melloras de obra de conformidade co establecido no prego:

- **Vial de acceso a Iglesia de Silvela, a execución dun rego de selado sobre o dobre tratamento superficial descrito no proxecto. Dito selado estará composto por un rego asfáltico con dotación de 1.5 Kg. De ECR-2, saturados con 5 litros de area lavada, todo debidamente compactado. A valoración económica desta proposta, ascende á cantidade de 3.944 € de execución material e 5.678,97 € de execución por contrata (iva incluído).**

4.- Formalización del contrato: 04/10/2017

Friol, a 6 de outubro de 2017.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez

R. 3001

LÁNCARA

Anuncio

Corrección de erros

Advertido o erro no BOP de Lugo de 14 de outubro no edicto de convocatoria de selección laboral temporal de auxiliares de SAF e de conformidade co decreto de 27 de setembro faise pública que a convocatoria é para a formación de bolsa de traballo.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 16 de outubro de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 3050

LUGO

Anuncio

COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse tódolos recibos do contribuínte

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro día 20 de outubro e ata o 20 de decembro deste ano, ambos inclusive, pónense ó cobro, en prazo voluntario, os tributos que de seguido se relacionan

- Imposto sobre Actividades Económicas ano 2017
- Padrón de auga e IVE s/ seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó terceiro trimestre de 2017

Para o cobramento dos citados tributos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o 6 de novembro (Auga) e 5 de decembro (IAE)

Para o resto dos contribuintes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pagamento en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell . No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla, nº 197 (Facenda Local no caso do IAE, e Negociado de Augas no caso do padrón de auga), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 22 de xaneiro de 2018, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell; todo elo sen perxuizo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 04 de outubro de 2017.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA AREA DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONOMICO, Ana Prieto Nieto

R. 2977

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 2 de outubro de 2017, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 4º. bimestre do exercicio 2017, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 2 de outubro ao 2 de decembro de 2017.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a existencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 2 de outubro de 2017.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 2978

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACION PADRÓN FISCAL TAXA RECOLLIDA DO LIXO 4º BIMESTRE DO EXERCICIO 2017 E ANUNCIO DE COBRANZA

Por Xunta de Goberno Local do día 2 de outubro de 2017 aprobouse o padrón da Taxa pola Recollida do Lixo do cuarto bimestre do exercicio 2017.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados deste padrón

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, exporase ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria deste padrón, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación do padrón e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 23 de outubro de 2017 ata o 26 de decembro de 2017.

De acordo co artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ponse en coñecemento, que no período de pago en voluntario sinalado no parágrafo anterior, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos polo concepto da Taxa pola Recollida do Lixo, poderán facer o pago dos mesmos mediante :

- 1) Ingreso en efectivo en calquera oficina de A Banca ou Banco Sabadell en horario de atención ao público
- 2) A través de caixeiros automáticos nas devanditas entidades financeiras
- 3) A través da páxina web do Concello www.monfortedelemos.es

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan

Monforte de Lemos, 2 de outubro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 2980

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data 29 de setembro de 2017, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de setembro de 2017 polo importe total de 2296,58€ €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, a 2 de outubro de 2017.- O Alcalde- Presidente, Gumersindo A. Rodríguez Liz.

R. 2981

VIVEIRO

Anuncio

CONVOCATORIA E BASES POLAS QUE SE INICIA O PROCESO E SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CREACIÓN DE LISTAS DE EMPREGO TEMPORAL NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE VIVEIRO.

A) DECRETO DE CONVOCATORIA.

Visto que o cadro docente do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro atópase neste momento deficitario para acadar un eficaz funcionamento.

As devanditas incorporacións non suporán incremento de custos e non incrementarán o número de efectivos, xa que os supostos docentes provisionais que se incorporen virían a substituír aos ocupantes de postos de traballo actualmente existentes.

Visto o artigo 55.1 do EBEP que sinala que “[...] *todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico [...]*”

Visto o artigo 55.2 do EBEP que establece que “[...] *as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección [...]*”

Visto o artigo 61.1 do EBEP que dispón que “[...] *os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto [...]*”

Tendo en conta que para acadar o referido funcionamento eficaz do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, e en base a criterios de economía e eficacia, constátase a necesidade urxente de crear listas de emprego provisionais en relación coas seguintes especialidades musicais:

Acordeón	Frauta travesa	Piano	Trombón
Canto	Gaita	Saxofón	Viola
Clarinete	Guitarra	Trompa	Violín
Composición	Linguaxe musical	Trompeta	Violonchelo
Contrabaixo	Percusión	Tuba	

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

1º.- Convocar o proceso selectivo, mediante o sistema de concurso de mérito, de carácter aberto.

2º.- Aprobar as bases, e os seus anexos, que rexerán o procesos selectivo, mediante o sistema libre de concurso de valoración de méritos ao obxecto da constitución de listas de emprego provisionais en atención as especialidades musicais indicadas na parte expositiva.

2º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases, e os seus anexos, no Boletín Oficial da Provincia.

Viveiro, 10 de outubro de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3025